

MESA SECTORIAL DO 7 DE NOVEMBRO DE 2024

1º Instrución sobre a aplicación da redución de xornada acordada para o ano 2025.

O SERGAS **aprobou unilateralmente**, sen o apoio dos sindicatos da mesa sectorial, a instrución de xornada para o ano 2025.

CIG-Saúde denunciámos que non poden manter a obrigatoriedade da realización de sábados, porque esta non está recollida no acordo do 20 de abril de 2023. Insistimos en que as instrucións teñen que recoñecer unha xornada ordinaria de 35 horas en todas as categorías.

CIG-Saúde exiximos que no 2025 se convoque a comisión de seguimento do acordo do 20 de abril de 2023 para ver a implantación do mesmo nas distintas áreas, e un compromiso de reavaliar a instrución de xornada para os anos seguintes.

Ante a actitude inobilista da Administración, **CIG-Saúde deixamos claro que isto non é unha negociación, que so trouxeron o documento para cumprir o trámite.**

2º Dotación de prazas no ano 2025.

Presentan un cadro das 1412 prazas de nova creación que se van incorporar nos orzamentos do 2025.

CIG-Saúde denunciámos que esta información non se trouxera á mesa sectorial con anterioridade á súa incorporación no borrador dos orzamentos.

CIG-Saúde denunciámos a baixada a 45 prazas de dietistas cando se anunciaron 75.

CIG-Saúde defendemos que é unha categoría necesaria, que está a desenvolver unha labor moi importante e que a redución do número de profesionais vai levar consigo un empeoramento da prestación sanitaria.

As 94 dietistas que hai actualmente contratadas van ter unha prórroga do contrato ata o 28 de febreiro. Posteriormente cesarán todas, e ofertaranse pola listas de contratacións unicamente as 45 interinidades.

O SERGAS non aclara cales son os centros onde vai retirar esta prestación sanitaria que se está dando, **CIG-Saúde** esiximos que previo á oferta destas 45 interinidades se nos informe para que centros/ áreas sanitarias van a ir as prazas e en base a que criterios se fixo esta reestruturación da asistencia.

CIG-Saúde denunciámos que non se traía á mesa sectorial o Decreto de oferta de emprego para o ano 2024, e que **non imos tolerar que se perdan as prazas por prescribir a taxa de reposición.**

O SERGAS confirma que as enfermeiras de atención domiciliaria (ESAD) van prorrogar o contrato por 1 ano máis.

